

PREVENTIGIRL

Que mal ambiente!
guión
e debuxos:
xosé tomás


Aí,
DOUTORA,
QUE MALINA
ESTOU

TEÑO UN
MALESTAR
XERAL QUE ME
EMPEZA CUNHA
INTENSA DOR DE
CABEZA, PASA POLOS
CALAFRÍOS E REMATA
CO ESTÓMAGO
REVOLTO

E O
CURIOSO
É QUE
FEBRE
NON TEÑO


FIXECHES
ALGO
ESPECIAL
NAS
ÚLTIMAS
HORAS?

POIS, AGORA QUE O DI, VEÑO DE FACER UNHA
VISITA A UN COLEXIO, PORQUE TIÑA QUE
CONTARLLE AOS NENOS E NENAS COUSAS
SOBRE PREVIR OS RISCOS, XA SABE



COSTOUME CHEGAR, PORQUE NON
TIÑA CLARO O ENDEREZO, PERO O
INTENSO RUÍDO PODÍASE ESCOITAR
DENDE UNHA LONGA DISTANCIA:
TOCARA O TIMBRE PARA ENTRAR, E
O BALBORDO ERA CONSIDERABLE






PASAMOS DESPOIS AO LABORATORIO. OS RAPACES
ESTABAN CONCENTRADOS NOS EXPERIMENTOS. POR FIN UN
POUCO DE SILENCIO! PERO VIÑERON ENTÓN OS MALOS
OLORES: DEMASIADOS PRODUCTOS E SUSTANCIAS, QUE ME
FIXERON SENTIR UN POUCO MAL



NA CLASE DE PLÁSTICA OS RAPACES
DEMOSTRARON A SÚA VEA ARTÍSTICA...E EU
PÚXENME A FACER O MESMO. NON HABÍA
RÚIDO, NIN MALOS OLORES...
PERO CASE NON SE VÍA, DA POUCA LUZ QUE
TIÑAN. E FORCEI E FORCEI A VISTA.
MENUDO MAREO!



PARA REMATAR, ENSINÁRONME O SALÓN DE ACTOS.
ERA UNHA MARABILLA: SEN RÚIDOS, SEN MALOS
OLORES, COA LUZ SUFICIENTE... PERO CUN FRÍO TE-
RRIBLE!!

E CANDO ME FUN DO COLEXIO,
DECIDÍN VIR DIRECTA PARA AQUÍ.
O RESTO XA O SABE



BUENO,
RAPAZA,
PARA TI VOUCHE
RECOMENDAR
REPOUSO E CALMA
NA TÚA CASIÑA,
PERO CREO QUE
NON VOU TER
RECEITAS ABONDO
PARA A XENTE
DESE COLEXIO!!!!

**QUE
FARIAS
TI?**

SyR SERVIZO DE VIXIANCIA CONTRA RISCOS

Nome e sinatura do profesional

Posible risco: No colexio hai sempre ruído nos corredores

Receta:

RECEITA
VR

SyR

SyR SERVIZO DE VIXIANCIA CONTRA RISCOS

Nome e sinatura do profesional

Posible risco: Na aula de Plástica cansamos a vista pola pouca luz que hai alí

Receta:

RECEITA
VR

SyR

SyR SERVIZO DE VIXIANCIA CONTRA RISCOS

Nome e sinatura do profesional

Posible risco: Temos que estar en clase co abrigo, polo frío

Receta:

RECEITA
VR

SyR

SERÁS
QUEN DE
SOLUCIONAR
ESTES
PROBLEMAS?
ESCRIBE A
RECEITA
AXEITADA
PARA CADA
CASO DIFERENTE



XUNTA
DE GALICIA

